

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE**

*RESOLUCIÓN do 21 de xuño 2024 pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 22 de decembro de 2023 (Diario Oficial de Galicia número 17, do 24 de xaneiro de 2024), pola que establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a institucións sen fin de lucro e entidades locais galegas, destinadas ao financiamento de gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado, e se convocan para o ano 2024.*

O artigo 15.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece a obrigatoriedade da publicación no *Diario Oficial de Galicia* das subvencións concedidas, con expresión da convocatoria, o programa e o crédito orzamentario a que se imputan, o beneficiario, a cantidade concedida e finalidade ou finalidades da subvención. Así mesmo, segundo o artigo 16 da orde de convocatoria, esta resolución notificarase aos interesados consonte o artigo 17 da orde e publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web oficial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude <https://www.cultura.gal>

**RESOLVO:**

Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* das subvencións concedidas con cargo ás aplicacións orzamentarias 43.03.432B.481.2, para institucións sen fin de lucro, e 43.03.432B.460.0, para entidades locais galegas, de «subvencións a institucións sen fin de lucro e entidades locais galegas, destinadas ao financiamento de gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado».

As entidades subvencionadas a que fai referencia esta resolución quedan obrigadas a acreditar a realización dos proxectos subvencionados e a achegar a documentación xustificativa antes do 31 de outubro de 2024, conforme as condicións e documentación establecidas no artigo 22 da orde de convocatoria.

As solicitudes non incluídas nesta resolución entenderanse denegadas ou desestimadas.



Así mesmo, e conforme o establecido no artigo 21 da orde de convocatoria, as entidades subvencionadas con esta axuda quedarán suxeitas ás obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cómpre notificarlles aos interesados esta resolución, de acordo co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes desde a súa notificación, de acordo co disposto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. No caso de optar polo recurso de reposición, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto o recurso de reposición.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2024

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude  
P.D. (Orde do 29.7.2022, DOG núm. 151, do 8 de agosto; DA 2ª do Decreto 49/2024)  
Elvira Mª Casal García  
Secretaría xeral técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

## ANEXO

### Relación de entidades e proxectos subvencionados

#### I. Institucións sen fin de lucro.

Nº expediente	NIF	Entidade	Proxecto	Subvención
2024_002	G32402737	Asociación Cultural A Bela Auria	IV Festival Pedra	3.000,00 €
2024_004	G67674598	Lideiras Asociación Cultural	Picnic Sesions	2.500,00 €
2024-0011	G36017952	ASCD O Condado	36º Festival de Poesía do Condado	4.000,00
2024_0015	G27515147	AC Luis Nieves	VI Concerto AC Luis Nieves «Mr Drum»	2.500,00 €
2024_0018	G94048303	AC Morrazica	XIII Kanekas Metal Fest	3.000,00 €
2024-0022	G36617082	Asociación Centro Cultural Artístico e Recreativo Valladares	XXXI Revoltallo de música e cultura emerxente	3.500,00 €
2024-0026	G3615334	Asociación Banda de Música Popular de Tui	XXIX Festival Bandas de Música	2.000,00 €



Nº expediente	NIF	Entidade	Proxecto	Subvención
2024-0033	G01799535	Asociación Cultural SonSistema	Tremeterra III Encontro SoundSystem da Terra Brava	2.500,00 €
2024-0050	G27489855	Asociación Agrocuir da Ulloa	Festival Agrocuir da Ulloa	3.500,00 €
2024-0064	G70759667	Asociación Xornadas Etnográficas do Morrazo	Xornadas Etnográficas do Morrazo	3.500,00 €

## II. Entidades locais galegas.

Nº expediente	Entidade local	NIF	Proxecto	Subvención
2024_005	Viveiro	P2706700H	VI Proxecto Superarte	2.000,00 €
2024_008	Noia	P1505800A	XV Festival de Jazz	3.000,00 €
2024-009	Cangas	P3600800A	XI Festival Aturuxos ao Son da Ría	2.000,00 €
2024_0012	Bande	P3200700G	Encontros de teatro escolar e amateur	2.000,00 €
2024_0013	Taboadela	P3208000D	V Semana Cultural de Taboadela	2.000,00 €
2024_0014	Ponteareas	P3604200J	Teatrea	2.000,00 €
2024_0035	Chantada	P2701600E	Mostra de Teatro Maruxa Villanueva	2.000,00 €
2024_0041	O Incio	P2702400I	Festival Terra Brava 2024	3.000,00 €
2024_0046	O Valadouro	P2706300G	XXXVIII Semana de teatro afeccionado de Valadouro	1.568,19 €

